

## PROGRAMACIÓN TEATRAL. CICLO “ADOLFO MARSILLACH”

O vindeiro venres día 6 de maio ás 20:30 horas no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo, terá lugar a sexta das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera. Letras Galegas 2011 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra “AI, CARMELA” ,da autoría de José Sanchís de Sinisterra, a cargo de “TEATRO DO ADRO” baixo a dirección de Tito Asorey e interpretada por Josito Porto e Melania Cruz.

“Ai, Carmela” é un espectáculo onde se une o cabaré, o teatro musical e a comedia máis disparatada .

Inverno do ano 1938. En Galicia, dous cómicos da legua, Carmela e Paulino, son arrestados polo bando nacional e obrigados a realizar unha función para celebrar a vitoria na Batalla do Ebro ante un público onde están presentes varios mozos condenados a morte.

Paulino, co seu afán de supervivencia, aceptará facelo, pero Carmela, nun xesto que ten máis que ver co seu propio sentido da xustiza e de solidariedade cos fracasados que cun fervor político, remata por non aceptar as ordes dadas.

Un espectáculo cómico de pequeno formato no que a música en directo ten unha importancia determinante.

Teatro de Adro constituíuse en 1997 en Santiago de Compostela, e dende entón leva representado pola nosa xeografía e por toda España e parte de Portugal un total de seis espectáculos.

Coa súa primeira montaxe, Nano (1997), dirixida por Cándido Pazó e baseada en textos da novela Tic-Tac de Suso de Toro, a compañía foi galardoada con tres premios María Casares de 1998 á Mellor Adaptación, á Mellor Dirección e ao Mellor Actor Protagonista, Xosé A. Porto “Josito”.

Círculo(1999), da novela de Suso de Toro, foi a súa segunda produción, á que lle seguiu Bululú do linier, de Cándido Pazó, e dirixida por el mesmo (1999), premio María Casares 2000 ao Mellor Texto Orixinal.

Con Binomio de Newton, tamén con autoría e dirección de Cándido Pazó (2001), un dos seus intérpretes principais, Xosé M. Olveira “Pico” recibiu o premio María Casares 2003

ao Mellor Actor Protagonista.

Cándido Pazó volve asumir o papel de autor e director con García (2005). A compañía obtivo o premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Teatral e á Mellor Maquillaxe, ademais de dúas nominacións aos premios MAX ao Mellor Texto Teatral en Galego e ao mellor Espectáculo Revelación.

E no 2007 Teatro de Adro conta coa dirección de Lino Braxe, quen tamén se encarga de adaptar a novela de Pedro Ángel Ramos, para levar Comida Chinesa aos escenarios galegos sen contar con ningún tipo de axuda institucional.

Está recomendada para público adulto e os prezos das entradas son de 4,00 € para público en xeral e 2,00 € para estudantes e maiores de 65 anos.